

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 30 de xaneiro de 2024

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día trinta de xaneiro do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Marta Fernández-Tapias Núñez, Rafael Domínguez Artime, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, José Carlos López Campos, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto *Carlos Cuadrado Romay*, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, *Antonio Graña Gómez*.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez* e *María Isabel Couso Torres* e os deputados *Marcos Guisasa Padín* e *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.33379.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 19 de xaneiro de 2024.

2.33380.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O “DESENVOLVEMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS” (Expte.2023076185)

Visto o informe-proposta do Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal, de data 26/12/2023, que conta co conforme do Deputado Delegado de Cooperación Local e Emerxencias (CSV:Z1EPAK7CZYRY33UJ), co seguinte teor literal:

“O técnico que subscribe, no exercicio das competencias que ten asignadas e de acordo co disposto no artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, eleva a seguinte

PROPOSTA

OBXECTO

A presente proposta, de carácter administrativo, ten por obxecto emitir unha declaración de xuízo sobre a idoneidade de subscribir un novo Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial de Pontevedra en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais (GES).



XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE E OPORTUNIDADE DO CONVENIO (artigo 50.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público)

Primeiro. O Pleno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 14 de xaneiro de 2022, aprobou e ratificou a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial de Pontevedra en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais, durante o período 2022-2023.

Segundo. A Comisión de Seguimento dos GES na sesión celebrada o 22 de novembro de 2023 acordou o seguinte:

“...Renovar por un ano (período 2024) a colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación de Pontevedra en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de emerxencia Supramunicipais coas seguintes modificacións:

- Incrementar 40.000 € ao ano a financiación de cada GES, pasando de 280.000 € cada GES a 320.000 €, mantendo as porcentaxes de cada ente financiador*
- Completar ata 12 membros os GES da Estrada, Lalín, Mos e Redondela*
- Igualar a financiación dos servizos municipais de Pontearreas e Sanxenxo a os dos GES pasando cada un de 155.000€ a 320.000€ ao ano*
- Creación dun subGES de 6 membros do Grove*
- Deixar por definir e sen asignación de crédito os GES asignados no convenio anterior aos Concellos da Cañiza, A Lama e Moraña...”*

Terceiro. Próximo a expirar o prazo de vixencia do anterior Convenio, desde a Subdirección Xeral de Xestión e Cooperación económica coas Entidades Locais remítese por correo electrónico o borrador do novo Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial de Pontevedra, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipal para o ano 2024, sendo necesario tramitar un novo expediente administrativo para a súa aprobación.

Cuarto. En relación co anterior, considerase necesario dar continuidade ao funcionamento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais para complementar a atención das emerxencias e extinción de incendios forestais, xunto cos parques de bombeiros municipais e os parques de bombeiros comarcais na provincia de Pontevedra, de forma que se cubrirán zonas desprovistas de servizos de emerxencia cun ámbito de atención superior ao municipal. Os GES participarán tamén en labores de prevención de incendios nos concellos da provincia.



Ordinariamente os GES desenvolven as súas funcións no ámbito de actuación adscrito aos mesmos, e soamente con carácter excepcional e debidamente xustificado, realizarán as súas tarefas fóra do ámbito territorial que lles foi asignado.

Con carácter xeral os Grupos de Emerxencias Supramunicipais sitúanse estratéxicamente en 9 localidades, que se corresponden con 7 zonas de actuación, e que por ter carácter supramunicipal permiten ofrecer cobertura, xunto cos demais servizos de emerxencia, a un total do 90-97% da poboación, segundo os técnicos da Xunta de Galicia.

Dentro das funcións dos GES podemos distinguir dous grandes bloques; as derivadas das propias situacións de emerxencia e as destinadas á prevención de incendios forestais, ambas as dúas que aparecen definidas en detalle nas cláusulas cuarta e quinta do presente Convenio.

De acordo co establecido na cláusula sexta, os GES dependerán tanto xurídica como organicamente do ente local polo que foron contratados, e en ningún caso os seus integrantes terán vínculo laboral coa Administración xeral da comunidade autónoma nin coa Deputación Provincial de Pontevedra.

Quinto. Na provincia de Pontevedra o ámbito de actuación e cobertura a nivel provincial dos GES e os servizos municipais é a seguinte:

SEDE E ÁMBITO DE ACTUACIÓN

PONTEVEDRA

<i>Zona</i>	<i>Sede/s</i>
<i>Zona da Mancomunidade do Val Miñor</i>	<i>Mancomunidade</i>
<i>Zona do Baixo Miño</i>	<i>A Guarda</i>
<i>Zona do Grove</i>	<i>O Grove</i>
<i>Zona de Tabeirós, Terra de Montes e Deza</i>	<i>A Estrada/Lalín</i>
<i>Zona Redondela / Mos</i>	<i>Redondela /Mos</i>

COBERTURA A NIVEL PROVINCIAL

<i>GES/Servizo municipal</i>	<i>Concello</i>
<i>36 Subzona Deza</i>	<i>Agolada Dozón Lalín Rodeiro Vila de Cruces</i>



36 Subzona Tabeirós-Terra de Montes	Estrada, A Forcarei Teo Vedra
36 Zona O Grove	O Grove
36 Zona Baixo Miño	Guarda, A Oia Rosal, O Tomiño
36 Zona Mancomunidade do Val Miñor	Baiona Gondomar Nigrán
36 Zona Redondela	Pazos de Borbén Redondela Soutomaior
36 Zona Mos	Mos Pazos de Borbén Soutomaior
36 Zona Pontareas Servizo Municipal Pontareas	Mondariz Mondariz-Balneario Neves, As Pontareas Salvaterra de Miño
36 Zona Sanxenxo Servizo Municipal Sanxenxo	Grove, O Meaño Poio Sanxenxo

A diferenza do anterior Convenio, os grupos de emerxencia supramunicipais estarán formados por 12 membros [completáanse ata 12 membros os GES da Estrada (10), Lalín (6), Mos (6) e Redondela (6)], salvo o Concello do Grove con 6 membros e que se integra no convenio xeral por primeira vez este ano.

IMPACTO ECONÓMICO DO CONVENIO (artigo 50.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público)

Co novo Convenio as aportacións económicas totais entre as partes acadan as seguintes porcentaxes (punto sexto da parte expositiva):

Xunta de Galicia: 52,50 %.
Deputacións Provinciais: 40%.
Concellos: 7,5%.



De acordo coas porcentaxes de financiación, a aportación da Deputación de Pontevedra será de 1.088.000,00 euros de acordo ao seguinte detalle:

Concello	Membros GES	Custo total GES (incluída prevención)	Achega Deputación (40%)
A Estrada	12	320.000,00 €	128.000,00 €
Lalín	12	320.000,00 €	128.000,00 €
Redondela	12	320.000,00 €	128.000,00 €
Mos	12	320.000,00 €	128.000,00 €
A Guarda	12	320.000,00 €	128.000,00 €
Mancomunidade Val Miñor	12	320.000,00 €	128.000,00 €
O Grove	6	160.000,00 €	64.000,00 €
Ponteareas	Serv. Municipal	320.000,00 €	128.000,00 €
Sanxenxo	Serv. Municipal	320.000,00 €	128.000,00 €
TOTAL			1.088.000,00 €

Así, o novo convenio supón un incremento da aportación económica da Deputación de Pontevedra de 146.666,67 euros respecto ao do ano anterior, ao pasar de 941.333,33 euros a 1.088.000,00 euros.

En canto á periodicidade das aportacións e co fin de dotar de liquidez aos Concellos, o Convenio establece que no ano 2024 a Deputación realizará un adianto do 50% da súa achega tras a sinatura do Convenio, o 25% no mes de setembro e o restante 25% no momento final de xustificación.

O financiamento das aportacións que no ano 2024 lle corresponden á Deputación Provincial de Pontevedra se realizarán con cargo á aplicación 24/923.1360.462.05 do orzamento provincial dese ano.

VIXENCIA DO CONVENIO

De acordo do previsto na cláusula décimo quinta, o Convenio obxecto de informe estenderá a súa vixencia dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2024, xa que no ano 2025 se pretende asinar un novo Convenio conxunto co resto das Deputacións Provinciais.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, os municipios deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre os que se atopan a seguridade en lugares públicos e a protección civil e extinción de incendios, polo que teñen necesidade de contar con medios para poder facer fronte as súas competencias, compartidas e concorrentes, en materia de protección civil e emerxencias.



Nesta mesma liña, a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia no seu artigo 1.2 define a protección civil como “un servizo público esencial organizado nun sistema integrado de actuación para lles facer fronte aos riscos ordinarios e a riscos graves coa participación das distintas administracións públicas, baixo a coordinación e a dirección da Xunta de Galicia e coa colaboración cidadá.” E coa mesma consideración, a Constitución española, o Estatuto de autonomía de Galicia, a Lei 2/1985 de protección civil e as sentenzas 123/1984, do 18 de decembro, e 133/1990, do 19 de xullo, do Tribunal Constitucional coinciden no carácter de servizo público esencial deste servizo.

Segundo. En relación co anterior, a Deputación Provincial de Pontevedra, como órgano de goberno da Provincia, debe prestar asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, para garantir a prestación integral e adecuada dos servizos públicos, no territorio da súa competencia, e, en particular, participar na coordinación da administración local coa da Comunidade Autónoma co fin de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipal.

Neste sentido o artigo 36.1.c) da LBRL establece como competencia propia das Deputacións a prestación de servizos públicos de carácter supramunicipal e, no seu caso, supracomarcal e o fomento on, no seu caso, coordinación da prestación unificada de servizos dos municipios do seu respectivo ámbito territorial. En particular, asumirá a prestación dos servizos de prevención e extinción de incendios nos municipios de menos de 20.000 habitantes, cando estes non procedan a súa prestación.

Así mesmo, de acordo co previsto no artigo 26 da Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, as Deputacións exercerán as súas competencias en materia de protección civil e xestión de emerxencias de acordo co previsto nesa lei, na lexislación galega de réxime local e na normativa estatal aplicable, correspondendo a estes garantir a prestación do servizo de protección civil e xestión de emerxencias, incluídos os servizos contra incendios e de salvamento, naqueles municipios que non contan con servizos propios, por no resultaren obrigados ou por teren obtida a dispensa deles.

Terceiro. Pola súa banda, o artigo 198 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia establece a posibilidade de que as Entidades Locais celebren Convenios para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia.

A través destes Convenios as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, distribuír as subvencións outorgadas por unha delas con referencia ao ámbito territorial ou poboación doutra, executar puntualmente obras ou servizos da competencia dunha das partes, compartir as sedes, locais ou edificios que sexan precisos para o desenvolvemento de competencias concorrentes, ceder e aceptar a cesión de uso dos bens patrimoniais, desenvolver actividades de carácter prestacional e adoptar as medidas oportunas para alcanzar calquera outra finalidade de contido análogo ás anteriores; e en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir con todos o algún dos municipios da provincia, Convenios para garantir o acceso da poboación ao conxunto dos servizos municipais e maior eficacia na prestación destes.

Cuarto. O presente Convenio cumpre co establecido nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Quinto. Ao contemplarse unha soa anualidade no novo Convenio, o órgano competente para a súa aprobación é a Xunta de Goberno de conformidade co disposto na base 16.2.c) de execución do orzamento.



CONCLUSIÓN

Á vista do exposto infórmase favorablemente a tramitación do novo Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial de Pontevedra en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais durante o ano 2024, nos termos expostos”.

Vista a nota de conformidade emitida polo Secretario Xeral en relación ao citado informe proposta, de acordo co disposto no artigo 3.4 do R.D.128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Visto o informe da Intervención, de data 12 de xaneiro de 2024, no que se fan unha serie de observacións e se informa favorablemente o expediente, sinalando que a anualidade correspondente ao ano 2024 será imputable á aplicación 24/923.1360.462.05 na que existe crédito suficiente para este fin no vixente Orzamento Provincial, quedando retido mediante documento RC núm. 20240009882.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, adoptado por unanimidade do seus membros, na sesión celebrada o 19 de xaneiro de 2024.

Por todo o exposto, en aplicación da base 16.2.c) das aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro. Aprobar o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial de Pontevedra, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais, cuxo teor literal se contén no documento referenciado co Código de verificación electrónica (CVE: ryfE175JHy2).

Segundo. Facultar ao Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra para a formalización do mencionado convenio mediante a súa sinatura e para a aprobación de cantos outros documentos garden relación co mesmo.

3.33381.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “+XUNTAS” 2024 (Expte.2023075714)

A igualdade como dereito está recollida nos artigos 9.2 e 14 da Constitución española e no artigo 4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, no que se determina que lles corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas, así como eliminar os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación da cidadanía na vida política, económica, cultural e social.



A Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes constitúese como o marco xurídico e legal da igualdade entre mulleres e homes a nivel de todo o Estado español. Así mesmo, na Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia recóllese que os poderes públicos, no marco das súas competencias, incorporarán medidas tendentes a acadar a igualdade efectiva e impulsarán campañas de información e sensibilización específicas co fin de previr a violencia de xénero.

No ámbito local, no artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Nesta liña, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Segundo este ámbito competencial, a Deputación de Pontevedra, dentro do seu ámbito de actuación, ten entre os seus obxectivos a promoción da igualdade e a eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como a erradicación da violencia de xénero ao promover liñas de subvencións destinadas a realizar actividades e programas relacionados co impulso e co desenvolvemento de accións que fomenten o principio de igualdade entre mulleres e homes, de conformidade cos criterios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

Tendo en conta que a formación é un instrumento clave para avanzar cara á igualdade e para que esta sexa real e efectiva, a Deputación de Pontevedra pon en marcha o programa “+Xuntas”. Con el búscase mellorar a formación básica das mulleres da provincia de Pontevedra e as súas condicións de vida, promover o apoderamento e a súa autonomía individual, e crear redes de apoio para impulsar a participación activa, a sororidade e a xeración de vínculos entre as participantes, así como para fomentar as relacións interpersoais e o intercambio de experiencias ao compartir vivencias e romper co illamento.

Co programa “+Xuntas” tamén se pretende concienciar a cidadanía cara a un cambio de actitudes e ruptura de estereotipos ao promover a sensibilización na igualdade de xénero e a prevención da violencia machista. Resultando que con data do 10 de xaneiro de 2024, Secretaría informa as bases reguladoras do programa “+Xuntas” para o exercicio 2024, entendendo que a posta en marcha desta liña de subvencións enténdese dentro das competencias coas que a Deputación desenvolve a súa actividade de fomento da igualdade e dos intereses xerais da provincia.

Resultando que con data do 19 de xaneiro de 2024, Intervención emite informe favorable sobre a tramitación do expediente para aprobación das citadas bases, e deixa constancia da existencia na aplicación orzamentaria 24/250.2315.227.07 de crédito dispoñible por importe de 323.907,39 €, € para facer fronte ao gasto, existindo un crédito retido mediante documento R.C. núm. 202400008410.

Considerando que o órgano competente para a aprobación das bases reguladoras do Programa “+Xuntas” para o exercicio 2024 e a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado nas bases de execución do orzamento provincial.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar as bases reguladoras do Programa “+Xuntas” para o exercicio 2024
Estas bases figuran co CSV- RRTWHFS1SJUYGFUP

4.33382.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO CONTRATO PARA “SUBMINISTRACIÓN DE ILLAS ECOLÓXICAS DO PROXECTO “DA TÚA MAN” (RURAL) PRESENTADO Á CONVOCATORIA DE AXUDAS 2022 PARA O APOIO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS RURAIS COFINANCIADO POLO MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU.” (Exppte.2023075150)

A Deputación de Pontevedra, a través do servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local e nesta actividade en concreto, basease na cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial tal e como sinala o art. 36.1.d da Lei de Bases de Réxime local. A tal efecto os obxectivos desta institución están en liña co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia así como coa convocatoria e proxecto que se pretende executar.

Neste sentido, a Deputación de Pontevedra aprobou un Plan de Reactivación con motivo da pandemia COVID-19 ca finalidade de fortalecer e impulsar a actividade de sectores estratéxicos da nosa provincia prestando especial atención ao produto e comercio local. Dito Plan centrouse en tres tipos de actuacións: asesorar e mellorar as habilidades dixitais dos pequenos negocios (especialmente o comercio e hostalaría), fomentar o consumo no comercio local, así como os produtos de km 0 e reparto de material publicitario nos municipios de menos de 20.000 habitantes.

O 5 de xullo de 2022 publicouse no Boletín Oficial do Estado número 160 o Extracto da Resolución da Secretaría de Estado de Comercio de 30 de xuño de 2022, pola que se aproba a convocatoria 2022 da liña de axudas para o apoio da actividade comercial en zonas rurais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia cuxas bases reguladoras recóllense na Orde ICT/950/2021, de 10 de setembro (BOE núm. 218 de 11 de setembro de 2021), modificada pola Orde ICT/566/2022 de 15 de xuño (BOE núm. 148 de 22 de xuño de 2022) e a Orde ICT/185/2023 de 22 de febreiro (BOE núm. 49 de 27 de febreiro de 2023). As axudas que se financian conforme a esta Orde enmárcanse na inversión 4.2.2, apoio ao comercio, do compoñente 13, impulso á Pyme, do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España. En consecuencia, a Deputación de Pontevedra presentou o proxecto “Da Túa Man” á citada convocatoria.



O 27 de febreiro de 2023 a Dirección Xeral de Política comercial do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo notificou a resolución de concesión da citada axuda solicitada pola Deputación de Pontevedra para o proxecto “Da Túa Man” cun orzamento financiable de 624.965,00 € e 499.972,00 euros de subvención proposta. En consecuencia, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do día 10 de marzo de 2023 adoptou, entre outros, o acordo (nº 40.32418) de aprobación e xeración de crédito do citado proxecto.

Polo que para a consecución dos fitos e obxectivos marcados na convocatoria e na memoria do proxecto presentada e polo menos executar os requisitos sinalados no art. 25.2.b da Orde citada financiada pola Unión Europea – NextGenerationEU, lévase a cabo a contratación das actuacións relativas á instalación de illas ecolóxicas e dispositivos para a reciclaxe de residuos especiais para o fomento da economía circular e a sustentabilidade.

Por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 27/10/2023, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do “Subministración de illas ecolóxicas e dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto “Da túa man” (rural) presentado á convocatoria de axudas 2022 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGeneration EU” (nº expediente 2023060336).

O lote 1 declarouse deserto por acordo da Xunta de Goberno na sesión ordinaria do día 11 de decembro de 2023 por non presentarse ningunha empresa licitadora interesada na adxudicación deste contrato.

Tendo en conta que dito subministro é necesario para a consecución dos fitos e obxectivos marcados na convocatoria e na memoria do proxecto Da túa man (rural I) e polo menos executar os requisitos sinalados no art. 25.2.b da Orde citada financiada pola Unión Europea – NextGenerationEU para non incorrer en descertificacións de gasto ou a perda da totalidade da subvención, súxírese promover unha nova licitación mantendo no expediente as condicións iniciais do contrato sen que se modifiquen substancialmente as mesmas e mantendo o orzamento base de licitación.

Por todo anterior, é necesario a tramitación do correspondente expediente de contratación para execución das actuacións relativas á instalación de illas ecolóxicas do proxecto “Da túa man” (rural) presentado á convocatoria de axudas 2022 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

En base ao exposto, con data 14/12/2023, o vicepresidente segundo, dita providencia na que propón a contratación da Subministración de illas ecolóxicas do proxecto “Da túa man” (rural) presentado á convocatoria de axudas 2022 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.



Vista a solicitude de tramitación pola vía da urxencia por parte do servizo xestor, non procede admitila neste caso polos seguintes motivos:

Considerando o artigo 50.1 apartado b) do RD 36/2020, que establece o mantemento dos prazos sen cambios sinalados no artigo 159 apartados 3 e 4 da Lei 9/2017, en especial o prazo de presentación de proposicións que será dun máximo de 15 días naturais. De conformidade co apartado 5, que sinala que en caso de declaración de emerxencia non se producirá redución de prazos. E tendo en conta que unicamente se contempla no RD 36/2020, unha redución do prazo na valoración das ofertas nos técnicos en 3 días, enténdese que non é unha razón definitiva nin transcendente en si mesma para xustificar a excepcionalidade da declaración de urxencia.

Tendo en conta o anterior, xustifícase igualmente a prioridade na tramitación do expediente polos seguintes motivos:

O artigo 50.2 Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e a Resolución Presidencial, nº 2023001137, de data 10 de febreiro de 2024, establece a preferencia dos contratos e acordos marco que se vaian a financiar con fondos europeos para o seu despacho sobre calquera outro polos distintos órganos que interveñan na súa tramitación. Así mesmo, os prazos para emitir os respectivos informes quedarán reducidos a cinco días naturais, sen que caiba prórroga algunha deste prazo.

Visto que con data 07/01/2024, a Intervención emite documento de retención de crédito número 202400007971 polo importe de 130.438,00€ euros para o lote 1, con cargo á aplicación orzamentaria 24/240.4315.652.99.2023 (Prox. gasto 92310001 Da túa man no rural) do vixente orzamento provincial.

Tendo en conta que, con data 17/01/2024, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de subministración. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 08/01/2024, e as observacións contidas no mesmo.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de 18/01/2024, coas seguintes observacións e recomendacións:

“1.- () Respecto dos apartados 6, 7 e 8 dos aspectos específicos PRTR: O subproxecto correspondente á actuación proposta non establece fitos e obxectivos, nin obrigas referidas ao etiquetado verde ou dixital de aplicación, o que xustifica a non inclusión destas referencias nos pregos nin na documentación anexa.*



2.- Os pregos de prescricións técnicas particulares deben contar coa conformidade dunha persoa técnica do Servizo de Arquitectura (ou outra competente na materia) e, respecto do recollido na cláusula 8 (Condicións de seguridade, permisos e licenzas) sobre a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións que foran necesarias para a execución dos traballos que correrán a cargo dos concellos beneficiarios do proxecto *Da Túa Man (Rural)*, sinalar que debe verificarse que esta condición se cumpra por parte dos concellos, debendo estar a disposición da Deputación antes da realización da prestación por parte da empresa que resulte adxudicataria.

3.- Recordar que, en todo caso, con carácter previo á adxudicación deberá acreditarse o cumprimento das esixencias en materia de análises de risco de conflito de intereses, nos termos definidos na Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de maneira que ademais da sinatura dos DACI, se incorpore o resultado da análise correspondente á aplicación MINERVA.”

Tendo en conta o artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal calificanse como contratos de subministración os contratos que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, con o sen opción de compra, de produtos ou bens mobles.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, da *“Subministración de illas ecolóxicas do proxecto “Da túa man” (rural) presentado á convocatoria de axudas 2022 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU”*.



O prazo máximo de execución será de 3 meses contados a partir da formalización do contrato e, en todo caso, antes do 31 de maio de 2024.

Proponse como modificación a incorporar no apartado correspondente do PCAP que no suposto de que o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo conceda prórrogas no marco da convocatoria do proxecto Da túa Man presentada pola Deputación de Pontevedra ampliándose a data límite prevista para a execución do contrato ata un máximo de 1 mes e medio adicional. A presente modificación non supón unha modificación do importe do contrato senón unha ampliación no prazo de execución do mesmo.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 130.438,00€. O valor estimado é de 107.800,00 euros.

En todo caso, a adxudicación quedará condicionada a acreditación do cumprimento das esixencias en materia de análises de risco de conflito de intereses, nos termos definidos na Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de maneira que ademais da sinatura dos DACI, se incorpore o resultado da análise correspondente á aplicación MINERVA.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: T340Q79UGZXKUBFX) e de prescricións técnicas (CSV: S4A6BTIINFIXUO9L) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 130.438,00 € (lote 1), con cargo á aplicación orzamentaria 24/240.4315.652.99.2023 (Prox. gasto 92310001 Da túa man no rural) do vixente orzamento provincial.

4.- Nomear responsable do contrato a Manuel Corujo Castro, Xefe do Servizo de Promoción de emprego da Deputación de Pontevedra.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

5.33383.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE, DO “SERVIZO DE REDACCIÓN DO PROXECTO E DIRECCIÓN DE OBRA PARA A REHABILITACIÓN ARQUITECTÓNICA E AMPLIACIÓN DO RECINTO CONVENTUAL DE SANTA CLARA PARA USO DESTINADO AO MUSEO DE PONTEVEDRA”. (Expte.2023071060)

No ano 2023 o Museo incorporou ao seu patrimonio o Recinto Conventual e Templo denominado Santa Clara como ben de dominio público-servizo público, froito da cesión outorgada polo Concello de Pontevedra. O Convenio de cesión do inmovible, amais da propia cesión á Institución Provincial, levaba aparellada a rehabilitación arquitectónica e ampliación do recinto conventual para o uso destinado ao Museo de Pontevedra.



Para o cumprimento das obrigacións previstas no convenio, a Deputación de Pontevedra convocou o *Concurso, a nivel de anteproxecto, para a rehabilitación arquitectónica e ampliación do recinto conventual de Santa Clara para uso destinado ao Museo de Pontevedra*, que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 9 de xuño de 2023, adjudicou a Nieto Sobejano Arquitectos, S.L.P. (CIF: B82410572), autor da proposta gañadora “Verbas da Pedra”.

De conformidade co mesmo, a Deputación, de acordo á consignación orzamentaria e cando dispuxera dos fondos necesarios para iso, podería a futuro, proceder a adjudicar o correspondente contrato de servizos de redacción do proxecto e dirección de obra ao autor da proposta gañadora mediante un procedemento negociado sen publicidade, segundo o previsto no artigo 168.d) LCSP.

Con data 12 de xaneiro de 2024, o deputado delegado da Área de Economía, Impulso ao Emprego, Museo Provincial e Convento de Santa Clara emite providencia de inicio para a contratación do referido contrato de servizo, xustificando a súa necesidade e idoneidade no artigo 135 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia, referente aos deberes de uso, conservación e rehabilitación das construcións, edificios e instalacións, e no artigo 168.d) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Asemade, informa da insuficiencia de recursos humanos propios para facer fronte a dita necesidade, e xustifica os aspectos a negociar, pondo de manifesto que, coas directrices da nova Corporación, prevalece a protección e o coidado do patrimonio, polo que non se considera axeitado intervir, de maneira tan significativa, no espazo verde do convento para construír un centro arqueolóxico, como estaba previsto inicialmente.

O contrato proposto ten un orzamento base de licitación de 1.742.400 euros. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Tendo en conta que, con data 15 de xaneiro de 2024, o xefe do servizo de Contratación emite proxecto de memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizo. O procedemento a aplicar é o procedemento negociado sen publicidade, por concorrer o suposto do artigo 168.d) da LCSP. A versión definitiva da memoria asinase con data 24 de xaneiro de 2024.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 17 de xaneiro de 2024, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 18 de xaneiro de 2024.

Visto que con data 17 de xaneiro de 2024, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.



Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 24 de xaneiro de 2024, coas seguintes observacións e recomendacións:

“Na aplicación 24/333.3330.632.03.2021 do vixente orzamento provincial, dentro do proxecto de gasto 2022068178, existe consignación adecuada e suficiente para facer fronte a este gasto por importe de 1.681.900,00 €. A cantidade restante, 60.500,00 € (ata completar o orzamento base de licitación de 1.742.400,00 €), corresponde ao importe do 1º premio do concurso concedido ao gañador Nieto Sobejano Arquitectos, S.L.P., que foi aboado mediante mandamento de pago, P, núm. 202300145342 do día 17 de xullo de 2023 e, que tal como recollen os pregos ten carácter de pagamento a conta, polo que deducirase dos honorarios totais da redacción do proxecto coa regulación de impostos que no seu caso baixa que facer.

O gasto a executar é imputable ao capítulo 6 do estado de gastos (gasto de investimento) e supón un incremento de gasto computable no exercicio no que se leva a cabo a execución do gasto afectando á estabilidade no mesmo.

Asemade, como xa se puxo de manifesto en informes previos da Intervención, considerando o importe estimado da execución das obras de rehabilitación e ampliación, e o impacto (pendente de cuantificación) dos gastos de mantemento do inmovible, resultaría axeitado dispoñer dun anteprojecto de explotación ou estudo de viabilidade, co obxecto de avaliar os custes dos investimentos a executar, a súa distribución temporal en termos de execución e financiamento así como os custes do mantemento e explotación do inmovible (limpeza, seguridade, conservación, alumeado e persoal, entre outros). A non disposición deste documento, imposibilita a valoración por esta Intervención da sustentabilidade económico-financieira desta entidade a medio prazo.

De acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación o órgano de contratación é a Xunta de Goberno.”

Visto que con data 23 de xaneiro de 2024, a Intervención emite documento de retención de crédito número 202400005203 polo importe de 1.681.900,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2024/333.3330.632.03.2021 do vixente orzamento provincial.

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal calificanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do “*servizo de redacción do proxecto e dirección de obra para a rehabilitación arquitectónica e ampliación do recinto conventual de Santa Clara para uso destinado ao Museo de Pontevedra*”.

O prazo de execución dos traballos será o resultante das seguintes fases que integran os traballos obxecto do contrato:

1) *Para a FASE 1. Entrega do proxecto básico. O prazo será de DOUS MESES a contar desde o inicio do contrato. A continuación do cómputo do prazo efectivo tras o cumprimento desta fase da prestación terá lugar no momento da obtención do informe favorable da persoa Responsable do Contrato.*

2) *Para a FASE 2. Entrega do proxecto de execución. O prazo será de CATRO MESES a contar desde a data da obtención do informe favorable do Responsable do Contrato ao proxecto básico ou ao documento coas correccións que no seu caso fosen necesarias. Xunto co proxecto de execución deberá facerse entrega do certificado de eficiencia enerxética de proxecto. Para pechar esta fase, tras a obtención do informe favorable de supervisión previo á aprobación do proxecto polo órgano de contratación das obras, procederase á recepción favorable dos traballos.*

3) *A FASE 3. Dirección facultativa completa comezará coa formalización da acta de comprobación de reformulo e inicio das obras. A súa duración coincidirá co prazo de execución dos traballos contratados, ata a súa recepción. A duración queda, por tanto, vinculada ao prazo real de execución da obra, véndose afectada polas incidencias que nelas puidésense producir. As previsións indicadas non terán carácter vinculante, debendo a prestación da dirección facultativa estenderse ao longo da duración efectiva das obras. No momento da recepción da obra deberá facerse entrega do Libro do Edificio, o certificado de eficiencia enerxética do edificio e toda a documentación necesaria para a legalización e posta en servizo das instalacións.*

4) *A FASE 4. Liquidación do contrato estenderase desde o momento da recepción das obras ata a finalización do período de garantía que se fixe no contrato de obras (como mínimo DOCE MESES a contar desde a recepción), momento no que terá lugar a liquidación final das mesmas. No prazo de quince días anteriores á finalización do período de garantía, entregarase o informe sobre o estado das obras. O contrato darase por finalizado cando o licitador presentase toda a documentación final da requiridas no presente Prego de Prescricións Técnicas Particulares, e a Administración actuante recibiuñas de conformidade, emitíronse e aprobado as certificacións finais da obra, e tras o período de garantía, practícouse e aprobado a liquidación das mesmas.*

En cada unha das fases será obrigado ter polo menos dúas reunións mensuais entre o equipo de arquitectura e o museo, podendo realizarse outras no caso de requirimento por calquera das partes.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 1.742.400,00 euros.

O valor estimado é de 1.440.000,00 euros.



2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: S40PYUF2PS6NLY6P) e de prescricións técnicas (CSV: MSN9841132MF8OHX) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 1.681.900,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 24/333.3330.632.03.2021 do vixente orzamento provincial.

A cantidade restante, 60.500,00 euros (ata completar o orzamento base de licitación de 1.742.400,00 euros), corresponde ao importe do 1º premio do concurso concedido ao gañador Nieto Sobejano Arquitectos, S.L.P., que foi aboado mediante mandamento de pago, P, núm. 202300145342 do día 17 de xullo de 2023, e, que tal como recollen os pregos, ten carácter de pagamento a conta, polo que deducirase dos honorarios totais da redacción do proxecto coa regulación de impostos que no seu caso haxa que facer.

4.- Nomear responsable do contrato a María del Carmen Gómez Manzano, xefa do servizo de Arquitectura da Deputación de Pontevedra.

5.- Nomear ao equipo técnico que realizará a negociación co candidato, conforme aos aspectos económicos e administrativos establecidos nos pregos, o cal estará composto polos seguintes membros:

- María del Carmen Gómez Manzano, xefa do servizo de Arquitectura da Deputación de Pontevedra.
- María de los Ángeles Tilve Jar, directora do Museo de Pontevedra da Deputación de Pontevedra.
- Cruz Farto Justo, xefa do servizo do Museo de Pontevedra da Deputación de Pontevedra.
- Pablo Montero Carrera, xefe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio da Deputación de Pontevedra.
- Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación de Pontevedra

6.- Dispoñer a apertura do procedemento de negociación coa empresa Nieto Sobejano Arquitectos, S.L.P

7.- Delegar as facultades para declarar concluída a negociación e convidar á empresa a presentar a oferta final á deputada delegada da área de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación.

6.33384.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE, DO “PATROCINIO DEPORTIVO DA PROBA CICLISTA DE CARÁCTER INTERNACIONAL «O GRAN CAMIÑO»”. (Expte.2023071705)

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, dispón no seu artigo 36. D) que as competencias propias das Deputacións serán as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e de planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito, así mesmo o artigo 109 letra d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e en calquera caso, entre outras o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.



A Deputación de Pontevedra fixou como prioridade mellorar a calidade de vida das persoas da provincia e promover hábitos saudables entre a poboación para garantir o seu benestar, tendo especial importancia a promoción do deporte e a actividade física. Dentro da planificación estratéxica no ámbito deportivo destaca a organización de eventos deportivos de especial relevancia na provincia de Pontevedra mediante a colaboración entre o sector público e privado.

O deporte é considerado como actividade esencial e eríxese, na actualidade, non só como unha actividade humana enormemente enriquecedora e xeradora de benestar persoal; tamén constitúe un importante instrumento de cohesión social, un eficaz vehículo para a transmisión de valores e un sólido elemento de impulso económico.

A Lei 34/1988, do 11 de novembro, Xeneral de Publicidade, define o contrato de patrocinio publicitario como *“aquel polo que o patrocinado, a cambio dunha axuda económica para a realización da súa actividade deportiva, benéfica, cultural, científica ou doutra índole, comprométese a colaborar na publicidade do patrocinador”*.

Na RP 2020019503 aprobada polo servizo de comunicación para regular os contratos de patrocinio establécese que en función dos obxectivos que se fixe a Deputación de Pontevedra, dispón de tres modalidades distintas de patrocinio, unha delas é o patrocinio de imaxe, onde o obxectivo é reforzar ou construír unha imaxe de marca, provocando unha forte asociación entre o acontecemento e a marca.

Visto as liñas marcadas pola Resolución, vemos que este tipo de contratos deportivos encádranse dentro das liñas de actuación de patrocinio marcadas. O deporte eríxese hoxe en día tanto como unha actividade enormemente enriquecedora e xeradora de benestar persoal, como un importante instrumento de cohesión social, un eficaz vehículo para a transmisión de valores e un sólido elemento de impulso económico, consolidándose durante a crise sanitaria como unha actividade esencial para os españois. A contribución da industria do deporte á economía española é do 3,3 %.

O evento deportivo “O Gran Camiño” é unha carreira de ciclismo cunha etapa por cada unha das provincias da comunidade, que terá lugar entre os días 22 e 25 de febreiro de 2024, ambos inclusive, incluída no calendario da Unión Ciclista Internacional. A organización dun gran evento deportivo, coa presenza dos equipos UCI Prol Tour na provincia de Pontevedra ten unha repercusión publicitaria e un gran impacto económico na provincia, en especial no sector turismo.

En base ao exposto, con data 29/12/23, o xefe do servizo de Deportes, co visto e prace da Vicepresidenta primeira propón iniciar o expediente para a contratación do patrocinio do evento deportivo “O Gran Camiño” coa empresa Eze Mosquera Events S.L. (CIF B70351341). O contrato proposto ten un orzamento de licitación de 133.100,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 24/340.3410.226.02 do vixente orzamento provincial. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas (csv ZSAE9EVNBFE137DU) e un certificado de exclusividade dos dereitos de organización e explotación comercial da empresa (csv A5YBOBSWCBBH5ZFR).



Resultando que pola Intervención emitíuse documento RC nº 202400002889 por importe de 133.100,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/340.3410.226.02 do vixente orzamento provincial.

Asemade, na memoria xustificativa de data 24/01/2024, (csv: 52UVW3UDWE7PK4C7) o Xefe do servizo de Contratación xustifica que o réxime xurídico do contrato é o administrativo de servizos, así como a elección do procedemento de adxudicación negociado sen publicidade e exclusividade (art. 168 LCSP), e de acordo co disposto no artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

O servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares e, con data 10/01/2024 solicita o preceptivo informe ao secretario xeral da Deputación. O secretario xeral, con data 12/01/2024, informa favorablemente o expediente.

Con data 15/01/2024, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, que, con data 24/1/2024, informa favorablemente o expediente coas seguintes observacións e recomendacións:

“Os contratos de patrocinio parten da existencia de obrigas certas e equilibradas para ámbalas partes. A colaboración na publicidade da Administración polo patrocinado debe ter entidade suficiente para constituír unha contraprestación á achega económica que percibe e así descartar que trala figura dun contrato poda ocultarse unha subvención. Asemade, con carácter xeral estes contratos de patrocinio publicitario só deben estar destinados a patrocinar entidades ou eventos únicos, moi singulares e de prestixio que revertan nun retorno publicitario real e efectivo para a Deputación.”

Na providencia de inicio do expediente de contratación, sinalase que a” Deputación de Pontevedra leva a cabo unha serie de actividades de dinamización, de fomento e de promoción do deporte, promovendo servizos e actividades que a institución presta de cara á cidadanía, transmitindo valores e hábitos saudables a través da actividade física e o deporte.”

Nesta liña, a Deputación aposta pola celebración de eventos deportivos internacionais de gran relevancia, na que se pode incluír a proba ciclista “O Gran Camiño”, a cal esta formada polos mellores ciclistas do ámbito internacional”. A mesmo tempo, nos pregos xustifícase a inexistencia doutros eventos desta natureza, para dar cumprimento aos principios de igualdade e non discriminación, tendo en conta que este evento xa foi patrocinado anteriormente pola Deputación, e recollese que “este tipo de evento, como O Gran Camiño, pódese considerar un evento único, singular e de prestixio, que conecta directamente á organización que patrocina, neste caso a Deputación de Pontevedra, cun acontecemento atractivo para os seus intereses institucionais, logrando así impacto entre un público determinado previamente definido que lle resulta de interese para conseguir os obxectivos fixados no seu plan de comunicación”.”

Tendo en conta o artigo 17 LCSP, que establece que son contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas a obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.



Tendo en conta que o artigo 168 LCSP permite aplicar o procedemento negociado sen publicidade para a adxudicación dos contratos de servizos, cando soamente poidan ser encomendados a un empresario determinado por razóns de protección de dereitos exclusivos, incluídos os dereitos de propiedade intelectual e industrial.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade do “*Patrocinio deportivo da proba ciclista de carácter internacional O GRAN CAMIÑO*”.

O prazo de execución do contrato comprende desde a data de formalización do contrato ata a conclusión da última etapa da volta ciclista, o día 25 de febreiro de 2024.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 133.100,00 euros.

O valor estimado é de 110.000,00 euros.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: OUYIDTPGMPVRHHWG) e de prescricións técnicas (CSV: ZSAE9EVNBFE137DU) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 133.100,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 24/340.3410.226.02 do vixente orzamento provincial.

4.- Nomear responsable do contrato á xefatura do servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.



7.33385.- APROBACIÓN DA SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO DO “SERVIZO DE SISTEMA DE VISITAS VIRTUAIS 360 EN RESOLUCIÓN XIGAPIXEL E IMPLEMENTACIÓN EN ENTORNO WEB PARA O MUSEO PONTEVEDRA”.
(Expte.2021026470)

Na sesión ordinaria do día 8 de outubro de 2021, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de servizo de *Sistema de visitas virtuais 360 en resolución xigapixel e implementación en entorno web para o Museo Pontevedra* á empresa The Mad Pixel Factory S.L. (CIF: B82521519), polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:

- Prezo:

Prezo sen IVE:	98.500,50 €
IVE (21%):	20.685,10 €
Prezo total:	119.185,60 €

- Número de visitas virtuais guiadas: 15.000 visitantes.

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 07 de novembro de 2021 e o prazo de duración é de 15 meses, tendo en conta os seguintes prazos parciais:

- O desenvolvemento e posta en funcionamento das visitas virtuais (dixitalización de salas e obras, plataforma web, configuración do sistema, Storytelling) realizarase no prazo máximo de 3 meses, contados desde a formalización do contrato.
- Os servizos de soporte e mantemento (correctivo, evolutivo e perfectivo) terán un prazo de duración de 12 meses, contados desde a recepción de conformidade polo Museo de Pontevedra dos traballos de desenvolvemento e posta en funcionamento das visitas virtuais, que se formalizará na correspondente acta de inicio.

A sinatura da acta de inicio prodúcese con data 08 de abril de 2022, iniciándose nesa data o servizo de soporte e mantemento correctivo, evolutivo e perfectivo do sistema.

O contrato prevé, no caso dos servizos de soporte e mantemento correctivo, evolutivo e perfectivo, a posibilidade de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha delas.

A Xunta de Goberno aprobou, mediante acordo adoptado na súa sesión ordinaria de data 03 de febreiro de 2023, a primeira prórroga do contrato de “Sistema de visitas virtuais 360 en resolución xigapixel e implementación en entorno web para o Museo Pontevedra” dende o 08 de abril do 2023 ata o 07 de abril do 2024, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

Con data 9 de xaneiro de 2024, a xefa de xestión do Museo emite informe no que se solicita prorrogar os servizos de soporte e mantemento correctivo, evolutivo e perfectivo do devandito contrato polo período dun ano, con efectos dende o 08 de abril do 2024 ata o 07 de abril do 2025.



Resultando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 09 de xaneiro de 2024 (data de comparecencia: 09/01/2024), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 11 de xaneiro do 2024, a Intervención emitiu documento de retención de crédito con número de operación 202400009898, polo importe de 4.015,89 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 24/333.3330.227.06, e documento de retención de crédito para exercicios futuros con número de operación 202400009900, polo importe de 1.481,13 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 25/333.3330.227.06, para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2024 e 2025.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 19 de xaneiro do 2024 (CSV: 1GH82ZA7IUIBQDEG), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de segunda prórroga do contrato do sistema de visitas virtuais 360 en resolución xigapixel e implementación en entorno web para o Museo Pontevedra por un ano, desde o 08 de abril do 2024 ata o 07 de abril do 2025.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 08 de abril do 2024.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16^a.2 a).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a segunda prórroga do contrato para a prestación do servizo de *“Sistema de visitas virtuais 360 en resolución xigapixel e implementación en entorno web para o Museo Pontevedra”* suscrito coa empresa The Mad Pixel Factory S.L. (CIF: B82521519), durante o período desde o 08 de abril do 2024 ata o 07 de abril do 2025, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.



O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

Axualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2024 (8 meses e 23 días)	24/333.3330.227.06	4.015,89 €
2025 (3 meses e 7 días)	25/333.3330.227.06	1.481,13 €

O importe do gasto correspondente a axualidade 2025 quedará condicionado a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondente aplicación orzamentaria.

8.33386.- RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS (Exptes. 2024002409 e 2024002470)

a) Vista a relación de facturas con número 2024002409, que contén 37 facturas e por un importe de 103.111,49€ e con CSV: LULL1HJKER5SOA1, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 16/01/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	102.523,00€
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	588,49€
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00€
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	103.111,49€

b) Vista a relación de facturas con número 2024002470, que contén 96 facturas e por un importe de 33.418,34€ e con CSV: 1USP63013T7O2OR3, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 16/01/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	34.075,81€
Descontos do IRPF.....	641,01€
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	16,46 €
Total líquido.....	33.418,34€



9.33387.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO DA CERTIFICACIÓN FINAL DA OBRA “REFORZO DO FIRME NA EP 7007 COUSO - SAN MIGUEL DE BARCALA, DENDE O PQ 5+683 AO PQ 8+071 (CONCELLO DE A ESTRADA)”.(Exp.te.2022029859)

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 7 de outubro de 2022, adjudicou a obra “*Reforzo do firme na EP 7007 Couso - San Miguel de Barcala, dende o PQ 5+683 ao PQ 8+071 (Concello de A Estrada)*” á empresa “EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, SL” (NIF B36239861) por importe total de 764.368,53 € (IVE engadido) e cun prazo de execución de SETE (7) MESES.

En data 09/05/2023 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación, un escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo na execución da obra de TRES (3) MESES, debido a que as condicións climatolóxicas dos meses de decembro, xaneiro e marzo, con intensas choivas, retardaron os traballos de escavación desmonte e caxeio, xuntando ao efecto datos meteorolóxicos emitidos por Meteogalicia, no período alegado.

Consta no expediente informe do director de obra CSV: 7R8OCKVZC4IV8A03, recollendo que a Dirección Facultativa considera que as causas alegadas de demora non son imputables ao contratista. Non obstante, dada a cantidade e a natureza dos traballos que restan por executar e atendendo ás condicións meteorolóxicas invernales experimentadas durante o transcurso da obra (44 días con precipitacións dun total de 83 días laborais entre o 2 de decembro de 2022 e o 31 de marzo de 2023, apórtanse partes meteorolóxicos da estación de Xesteiras, no Concello de Cuntis), considérase que o tempo perdido é de dous meses polo que a prórroga que procede conceder para a ampliación do prazo de execución da obra é de DOUS (2) MESES, ata o 2 de setembro de 2023.

A Xunta de Goberno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do 16 de xuño de 2023, aprobou unha ampliación do prazo de execución de DOUS (2) MESES, no contrato de obras “*Reforzo do firme na EP 7007 Couso-San Miguel de Barcala, dende o PQ 5+683 ao PQ 8+071 (Concello da Estrada)*”, establecendo como data para finalizar a obra o día 2 de setembro de 2023, a partires da cal, de non estar terminada, se lle aplicarán ao contratista automaticamente as penalidades previstas.

Visto o informe emitido por Intervención de data 16 de xaneiro de 2024, de fiscalización previa á aprobación da certificación FINAL da obra, este recolle as seguintes observacións: “*Apréciase un erro tanto no importe da obra executada anteriormente (dous céntimos de diferenza) coma no período executado (sendo o correcto do 02/12/2022 ata o 31/10/2023). A obra recepcionouse o 13 de decembro de 2023 e as obras finalizaron o 31/10/2023, incumprindo por tanto o prazo dun mes establecido no art. 210.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público sobre o cumprimento dos contratos e recepción da prestación*”. Así mesmo, conclúe que “*dado que as unidades de obra que se certifican xa se executaron, procedería a aprobación desta seguindo o procedemento extraordinario de recoñecemento extraxudicial de crédito*”.



Considerando que por disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta ao Ilmo. Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en cota o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do presuposto do exercicio 2024, concretamente na base 17.1, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Único.- Autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da seguinte obriga:

- Certificación FINAL da obra “Reforzo do firme na EP 7007 Couso-San Miguel de Barcala, dende o PQ 5+683 ao PQ 8+071 (Concello da Estrada)”, debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

EMPRESA	Aplicación orzamentaria	Importe
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, SL (NIF B36239861)	24/456-4530-612.01.2022	76.319,03 €
	Taxa dirección de obra (4% PEM Adx)	2.120,12 €
	Control de calidade (3% P.E.M. lic)	1.724,61 €
	Total descontos	3.844,73 €
	TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR	72.474,30 €

10.33388.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA LÉREZ EDICIONES, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE Á CONTRATACIÓN DE LÉREZ EDICIONES, S.L., PARA A COBERTURA PUBLICITARIA DE TODAS AS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A ANUALIDADE 2023.(Expte.2022062668) (Devogaran 2023073548)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 23 de decembro de 2022 (CSV.-94F5E54RT8XWNYJW), adxudicouse, mediante procedemento negociado, sen publicidade e exclusividade, a contratación do “*Servizos publicitarios con Lárez Ediciones, S.L., para a anualidade 2023*”. (Expte. 2022062668).

Para responder da realización deste servizo, a empresa LÉREZ EDICIONES, S.L. (B-36003549), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, que é o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
LÉREZ EDICIONES, S.L. (B-36003549)	6.611,57€	202200256239	15/12/2022



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Comunicación Institucional (CSV.- SAGVY6DAPI1Z3T3A), no cal sinala que a entidade mercantil LÉREZ EDICIONES, S.L., cumpriu satisfactoriamente tódolos compromisos derivados do contrato, polo que non existe inconveniente algún para proceder a devolución da garantía definitiva depositada.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- 1NHJUAT8SZIGSCV), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil LÉREZ EDICIONES, S.L. (B-36003549), dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Servizos publicitarios con Lérez Ediciones, S.L., para a anualidade 2023*” (Expte. 2022062668), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva, constituída en metálico pola entidade mercantil LÉREZ EDICIONES, S.L. (B-36003549), para responder de dito contrato, por importe de 6.611,57€, que foi depositada na Tesourería Provincial o 15/12/2022, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202200256239.

11.33389.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA RADIO PONTEVEDRA, S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE Á CONTRATACIÓN DE RADIO PONTEVEDRA, S.A. PARA A COBERTURA PUBLICITARIA DE TODAS AS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A ANUALIDADE 2023.(Expte.2022061934) (Devogaran 2023073549)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 16 de decembro de 2022 (CSV.- 02GTMRHKTFVIR238), adjudicouse, mediante procedemento negociado, sen publicidade e exclusividade, a contratación dos “*Servizos publicitarios con Radio Pontevedra, S.A., para a anualidade 2023*”. (Expte. 2022061934).



Para responder da realización deste servizo, a empresa RADIO PONTEVEDRA, S.A. (A-36005346), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, que é o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
RADIO PONTEVEDRA, S.A. (A-36005346)	5.165,29€	202200246216	08/12/2022

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Comunicación Institucional (CSV.- X2C5IKF103YBXDZW), no cal sinala que a empresa adxudicataria RADIO PONTEVEDRA, S.A., cumpriu satisfactoriamente o obxecto do contrato sen resultar responsabilidades polo que procede a devolución da garantía definitiva.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- 0M5VTSEESOC6JQTE), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil RADIO PONTEVEDRA, S.A. (A-36005346), dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Servizos publicitarios con Radio Pontevedra, S.A., para a anualidade 2023*” (Expte. 2022061934), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva, constituída en metálico pola entidade mercantil RADIO PONTEVEDRA, S.A. (A-36005346), para responder de dito contrato, por importe de 5.165,29€, que foi depositada na Tesourería Provincial o 08/12/2022, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202200246216.

12.33390.- RESOLUCIÓN RECAÍDA NA SOLICITUDE EFECTUADA POLA EMPRESA BOLFER, S.L. (NIF B36004943) PARA PARTICIPAR NO SISTEMA DINÁMICO DE “ADQUISICIÓN PARA CONTRATAR OS SERVIZOS DE IMPRESIÓN DE DIVERSO MATERIAL, ENCADERNACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE LIBROS”.
(Expte.2022015213)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 8 de xullo do 2022, aprobou o expediente para implementar un *Sistema dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros*, acordando o inicio da fase I de selección de candidatos.



O anuncio de licitación deste sistema enviouse á Oficina de publicacións da Unión Europea, e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 20 de xullo do 2022, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas particulares, concedendo un prazo de 30 días naturais desde o envío á Oficina de publicacións da Unión Europea para a presentación inicial de solicitudes de adhesión, a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL.

Conforme o prego, unha vez finalizado este prazo, comezará o de avaliación das candidaturas, no que a Mesa de Contratación seleccionará os licitadores en base ao cumprimento dos criterios establecidos nos pregos, sendo admitidos todos os solicitantes que cumpran cos criterios de capacidade e solvencia esixidos no prego.

Se a Mesa observase defectos emendables nos documentos presentados, comunicarao ás persoas candidatas afectadas, concedéndolles un prazo de tres días naturais para que poidan emendar tales defectos, entendendo, noutro caso, que a/o candidato desiste a súa inclusión.

Finalizada a avaliación confeccionarase a lista inicial de licitadores admitidos, aos que o órgano de contratación convidará a presentar oferta para a primeira contratación específica cando xurda a necesidade.

Para as novas incorporacións no sistema, dentro do dez primeiros días de cada un dos meses será resolta a selección de todos aqueles empresarios que solicitasen a entrada no sistema desde a última resolución de selección.

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 1 de decembro de 2023, acordou aprobar a primeira prórroga do “*Sistema Dinámico de Adquisición para contratar servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros*” do que forman parte as empresas Gráficas Eujoa, S.A. (CIF: A33032780), Mare Nostrum Servicios Gráficos, S.L. (CIF: B96472469), Taktika Comunicación S.L. (CIF: B36852846), Producciones Mic S.L. (NIF: B24301871), Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703), Tórculo Comunicación Gráfica S.A. (NIF A15056393) e Grafo, S.A. (NIF A48203996) nas categorías I e II deste sistema dinámico de adquisición, durante o período que vai desde o 01 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

A Mesa de Contratación, na reunión celebrada o día 4 de xaneiro de 2024, procedeu á avaliación da candidatura presentada pola empresa Bolfer, S.L. (NIF B36004943), observando que non achega a totalidade da documentación que é preciso incluír no sobre da solicitude de adhesión, segundo o establecido na cláusula 8.d do prego económico-administrativo. Ante este feito, a Mesa facultou ao secretario para que procedera a requiririlles a emenda, e sinalándolle que de non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a persoa licitadora desiste da súa inclusión no sistema dinámico de adquisición.

O requirimento realizouse con data 9 de xaneiro de 2024, e transcorrido o prazo de tres días naturais que se lle concederon, a empresa non presentou documentación solicitada.

Considerando que o artigo 225.4 da LCSP sinala que os órganos de contratación informarán o antes posible á empresa que solicitou adherirse ao sistema dinámico de adquisición de si foi admitida ou non.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Non admitir á empresa Bolfer, S.L. (NIF B36004943) por non cumprir cos criterios de selección establecidos no prego.

13.33391.- AMPLIACIÓN DO PRAZO EXECUCIÓN OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 8004 CALDAS-VILANOVIÑA, P.Q. 0+000 AO P.Q. 8+213 (CONCELLOS DE CALDAS DE REIS, PORTAS, VILANOVA DE AROUSA E MEIS)”. (Expte. 2022070657)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria celebrada o día 9 de xuño de 2023, acordou adxudicar á empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L, o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas-Vilanoviña, P.Q. 0+000 ao P.Q. 8+213 (Concellos de Caldas de Reis, Portas, Vilanova de Arousa e Meis)" por un importe de 945.641,57 € IVE incluído, e un prazo de execución de SEIS (6) MESES.

Resultando.- Que con data 14/07/2023 formalizouse entre a directora de obra e o contratista, acta de comprobación de replanteo, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o día 14/01/2024.

Resultando.- Que con data 11/09/2023 formalizouse entre a directora da obra e o contratista, acta de paralización total das obras, quedando nese intre CENTO VINTECINCO (125) DIAS para a finalización do prazo de execución. Con data 16/10/2023 formalizouse entre a directora de obra e o contratista acta de reinicio da execución da obra, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o día 18/02/2024.

Resultando.- Que con data 28/12/2023 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación, REX_WEB2023070483, escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo na execución da obra de TRES (3) MESES, debido ás seguintes circunstancias:

- Que no ámbito das obras, é necesario realizar previamente diversas actuacións consistentes na execución de cunetas e cruces de pluviais.
- Que estas actuacións, executadas por terceiros, a día de hoxe están aínda sen realizar.
- Que a non finalización destes traballos, impide seguir co resto das unidades pendentes de execución.
- Que a mais, coa climatoloxía adversa actual, non é posible a correcta execución dos traballos de aglomerado.

Resultando.- Que con data 15/01/2024 emitiu informe a directora de obra recollendo que que aparte das razóns alegadas polo contratista este organismo está a acometer outra actuación, un tramo peonil entre os puntos quilométricos 7+650 e 8+050. Esgrime a mesma argumentación que no informe de paralización de 16 de novembro de 2023: “*A principal unidade de obra do contrato é a execución da capa de rodaxe de toda a estrada. As afeccións á calzada pola construción deas todas estas actuacións (cruzamentos de calzada, beiravías e senda) non permite unha continuidade para a execución que garanta ou resultado final desta partida*”. Ademais sinala que as causas climatolóxicas adversas actuais, impiden a correcta execución dos traballos de aglomerado



Resultando.- Que con data 18/01/2024 emitiu informe o xefe do Servizo de Contratación CSV: VEYE9ONCZJ3TV04W, recollendo o seguinte: “...Ponse de manifesto a incorporación extemporánea e desordenada pola dirección de obra da acta de comprobación de reformulo, acta de paralización das obras e acta de reinicio no expediente, que non permite dar cumprimento á agregación ordenada do expediente, tal e como establece o art. 70 LPAC, dificultando a comprensión do mesmo e a adopción dos acordos. Constan no expediente diferentes informes emitidos pola dirección de obra nos que se expoñen as mesmas cuestións incidentais e conclúese con solicitudes diferentes, nun caso a paralización das obras e noutro coa ampliación do prazo. A solicitude de ampliación de prazo polo contratista xustifícase en que é necesario realizar previamente diversas actuacións consistentes na execución de cunetas e cruces de pluviais. Que estas actuacións deben ser realizadas por terceiros, e que hoxe en día están sen realizar e isto impide seguir co resto de unidades. Non se determina o tempo por perdido por cada circunstancia. A dirección de obra recoñece que a estrada está afectada por servizos municipais de tres concellos, e pola construción dun tramo peonil executado pola propia Deputación noutro proxecto. Así mesmo, sinala que a climatoloxía adversa, impide a execución dos traballos de aglomerado nin a sinalización horizontal. Bótase de menos un razoamento ou explicación por parte da dirección de obra, onde se explique a incidencia no prazo de cada unha das cuestións, determinándose en que proporción afecta á ampliación, e como se chega á conclusión de que o prazo de tres meses solicitado é o adecuado. O informe da dirección de obra non permite inferir con claridade se a obra está a executarse con atrasos, ou existen unidades que non é posible executar actualmente, e nese caso se se pode prever a súa execución inmediata ou non. En base ao exposto pola dirección de obra, que actúa como responsable do contrato, de cuxa proposta non podemos separarnos polo seu coñecemento e especialidade técnica, e en prol de non prexudicar o interese público perseguido coa execución da obra, non vemos inconveniente en proceder á ampliación do prazo por tres meses; sen prexuízo da recomendación de que a dirección de obra emita un informe que estableza unha cronoloxía da obra, determinando a afección ao prazo de cada unha das cuestións incidentais e o razoamento do prazo final ampliado, ou no seu caso o reaxuste do mesmo, no caso de que o prazo de execución fose menor...”

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario da Deputación e o Interventor (CSV) LUYXM100C0N6UPTV no que se recolle que en atención o informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente autorizando a ampliación do prazo de execución en TRES (3) MESES, sendo a data de finalización deste contrato o 18/05/2024.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: “...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederllo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”



Considerando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 09/06/2022 acordou adxudicar á empresa INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (B81470841) o Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas-Vilanoviña, P.Q. 0+000 ao P.Q. 8+213 (Concellos de Caldas de Reis, Portas, Vilanova de Arousa e Meis)".

Considerando.- Que o PCAP que rexe nesta contratación establece que atendendo ás necesidades existentes adxudicaranse os correspondentes contratos derivados.

Considerando.- Que os traballos obxecto dos contratos derivados que se adxudiquen terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse á empresa INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (B81470841) para a adxudicación do Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na prorroga da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas-Vilanoviña, P.Q. 0+000 ao P.Q. 8+213 (Concellos de Caldas de Reis, Portas, Vilanova de Arousa e Meis)", por un importe de 2.178,00 € IVE incluído.

Considerando.- O informe emitido pola xefa do Servizo de Fiscalización que consta con CSV: OUIIN1RV7SX6BGQUE, no que se recolle que na aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gasto código nº 2022070657, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 202400013173.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Conceder á empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., unha ampliación de prazo de TRES (3) MESES, na execución do contrato de obras "Mellora da seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas-Vilanoviña, P.Q. 0+000 ao P.Q. 8+213 (Concellos de Caldas de Reis, Portas, Vilanova de Arousa e Meis)" establecendo coma data para finalizar a obra o día 15/05/2024, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.
2. Adxudicar á empresa INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (B81470841) o Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na prorroga da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas-Vilanoviña, P.Q. 0+000 ao P.Q. 8+213 (Concellos de Caldas de Reis, Portas, Vilanova de Arousa e Meis)" (expte 2024002986), por un importe de 2.178,00 € de acordo co seguinte detalle:

Importe	1.800 €
IVE (21 %)	378 €
Importe total	2.178 €



Os traballos obxecto deste contrato derivado terán lugar durante TRES (3) MESES polo que se amplía o prazo de execución do contrato de obras "Mellora da seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas-Vilanovaña, P.Q. 0+000 ao P.Q. 8+213 (Concellos de Caldas de Reis, Portas, Vilanova de Arousa e Meis)" con efectos dende o 19/02/2024.

Neste contrato derivado, nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2024002986

14.33392.- RECTIFICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 29/09/2023 (NÚM. 3.32999), DE CONCESIÓN SUBVENCIÓN AO CONCELLO DAS NEVES PARA O INVESTIMENTO INCLUÍDO NA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SUBVENCIÓNS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACIÓNS.(Expte.2023033161)

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 29 de setembro de 2023, mediante o acordo núm. 3.32999, concedeu ao *Concello das Neves* a cantidade de 122.052,00 € con destino ao financiamento de distintas actuacións no marco da convocatoria extraordinaria para a reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, entre o 24 de decembro de 2022 e o 1 de xaneiro de 2023, publicadas no BOPPO núm. 46, de 7 de marzo de 2023.

Advertido un erro de feito, ao omitirse os importes correspondentes aos orzamentos parciais das actuacións, ás subvencións concedidas e á achega municipal, procede a súa rectificación de conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Á vista do exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- RECTIFICAR o acordo da Xunta de Goberno núm. 3.32999, de data 29 de setembro de 2023, no seguinte sentido:

ONDE DI:

“- CONCEDER ao *Concello das Neves*, CIF P3603400G, unha subvención por importe de 122.052,00 € con destino ao financiamento do investimento denominado "Reparación da estrada Ponte Uma (pista), reparación de camiño de Sta. Eulalia e reparación do camiño Coutada (pista) Costonra", cun orzamento de 123.221,31 € e unha achega municipal de 1.169,31 €, condicionada á obtención da autorización sectorial da "Confederación Hidrográfica do Miño-Sil", que deberá achegarse xunto coa presentación da xustificación da subvención.”



DEBE ENGADIRSE A CONTINUACIÓN:

“- A concesión da subvención queda configurada de conformidade coa seguinte táboa:

Actuacións	Orzamento	Subvención	Achega municipal
Reparación da estrada Ponte Uma (Pista)	84.033,85 €	84.033,85 €	
Reparación de camiño de Sta Eulalia	16.923,46 €	16.923,46 €	
Reparación de camiño da Coutada (Pista)- Costoura	22.264,00 €	21.094,69 €	1.169,31 €
Total	123.221,31 €	122.052,00 €	1.169,31 €

O resto do texto do citado acordo mantense invariable.

- Dar traslado do presente acordo ao *Concello das Neves*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia”

15.33393.- RECTIFICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 29/12/2023 (NÚM. 18.33337), DE AUTORIZACIÓN PARA SUBSTITUCIÓN DE PROXECTOS TÉCNICOS NO INVESTIMENTO DO CONCELLO DE TUI INCLUÍDO NA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SUBVENCIONS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACIÓNS. (Expte. 2023035385)

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 29/12/2023, mediante o acordo núm. 18.33337, autorizou ao Concello de Tui a substitución dos proxectos técnicos das obras núm. 1 e 2, recollidas no acordo da Xunta de Goberno núm. 3.32979, de 22/09/2023, de concesión de subvención de 139.488,00€ ao dito Concello para o financiamento de distintas actuacións no investimento denominado “Reparación de danos por inundacións”, no marco da convocatoria extraordinaria para a reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, entre o 24 de decembro de 2022 e o 1 de xaneiro de 2023, publicadas no BOPPO núm. 46, de 07/03/2023.

Advertido un erro de feito, ao omitirse os importes correspondentes aos orzamentos parciais das actuacións, ás subvencións concedidas e á achega municipal, procede a súa rectificación de conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Á vista do exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- RECTIFICAR o acordo da Xunta de Goberno núm. 18.33337, de data 29/12/2023, no seguinte sentido:

ONDE DI:

“- AUTORIZAR a substitución do proxecto técnico na obra nº1 (PASO SOBRE EL REGATO COTAREL (RÍO TRIPES) EN PAZOS DE REI) e na obra nº 2 (REPARACIÓN DEL PASO SOBRE REGATO FONTE FEBREIRO), no Acordo de XG número 3.32979 de data 22/09/2023, polo que se concedía unha subvención por un importe de 139.488,00 euros, ao Concello de TUI, CIF P3605500B, para o investimento “PASO SOBRE EL REGATO COTAREL (RIO TRIPES) EN PAZOS DE REI, REPARACIÓN DEL PASO REGATO



FONTE FEBREIRO, REPARACIÓN E REINSTALACIÓN PANTALÁN PRAIA DE AREEIROS E DANOS EN MURO DE CONTENCIÓN DO VIAL MUNICIPAL RA-01010” (EXP. 2023035385), cun orzamento de 289.130,99 euros e unha achega municipal de 149.642,99 euros, condicionada á obtención da autorización sectorial da Confederación Hidrográfica Miño-Sil para o novo proxecto da obra nº 1 (PASO SOBRE EL REGATO COTAREL (RÍO TRIPES) EN PAZOS DE REI), e permanecendo igualmente a necesidade de autorización sectorial da Confederación Hidrográfica Miño-Sil para o resto de actuacións:

- Obra nº 2- Paso regato Fonte Febreiro.
- Obra nº 3 -Reparación pavimento acceso centro Interfederado remo e piragüismo.
- Obra nº 4- Reparación e reinstalación pantalán Praia de Areeiros.

Que deberán ser enviadas á Deputación xunto coa presentación da primeira xustificación.”

DEBE ENGADIRSE A CONTINUACIÓN:

“- A concesión da subvención queda configurada de conformidade coa seguinte táboa:

Actuacións	Orzamento	Subvención	Achega municipal
Paso sobre el regato Cotarel (Río Trepes) en Pazos de Reis	192.508,12 €	42.865,13 €	149.642,99 €
Reparación do paso sobre o regato Fonte Febreiro	48.188,24 €	48.188,24 €	
Rep. pavimento acceso centro Interfederado remo e piragüismo	8.480,37 €	8.480,37 €	
Rep. e reinstalación do pantalán da praia Areeiros	31.314,86 €	31.314,86 €	
Danos en muro de contención do vial municipal RA-01010	8.639,40 €	8.639,40 €	
<i>Total</i>	289.130,99 €	139.488,00 €	149.642,99 €

O resto do texto do citado acordo mantense invariable.

- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Tui*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia”

- 16.33394.- DAR CONTA DA COMUNICACIÓN EFECTUADA POLA EMPRESA WILLIS IBERIA CORREDURIA DE SEGUROS RELATIVA Á FUSIÓN POR ABSORCIÓN E DISOLUCIÓN DA ASEGURADORA “BILBAO CÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS”, ADXUDICATARIA DO CONTRATO BASEADO NO LOTE 2 (SEGURO DANOS MATERIAIS) DO ACORDO MARCO DA FEMP PARA A CONTRATACIÓN DE SEGUROS PARA ENTIDADES LOCAIS, E SUBROGACIÓN DO CONTRATO NA ASEGURADORA ABSORBENTE “OCCIDENT GO S.A.U DE SEGUROS” (Expte. 2023066615)

Dada conta do escrito de data 18 de xaneiro de 2024 (nº rexistro 2024002435) presentado pola empresa Willis Iberia Correduría de Seguros, adxudicataria do contrato de mediación de seguros da Deputación, no que pon de manifesto que, con data 1 de xaneiro de 2024, a empresa Bilbao Compañía Anónima de Seguros y Reaseguros foi obxecto dun proceso de fusión por absorción sendo absorbida pola nova entidade aseguradora Occident GCO, S.A.U. de Seguros y Reaseguros que adquiriu todos os activos e pasivos da entidade absorbida subrogándose en todos os dereitos e obrigas da mesma, e acompañando o escrito da documentación acreditativa de dita operación.



Resultando que por acordo da Xunta de Goberno da Deputación adoptado en sesión do día 1 de decembro de 2023 adxudicouse á aseguradora Bilbao Compañía Anónima de Seguros y Reaseguros, Sociedad Unipersonal o contrato baseado no lote 2 (seguro de danos materiais para entidades locais con rango superior a 10.000 habitantes) do Acordo Marco da FEMP para a contratación de seguros, correspondente ó seguro de danos materiais en inmobles da Deputación de Pontevedra para a anualidade 2024 (Expte. 2023066615)

Visto o informe do responsable do contrato de data 19/01/2024 que conta co conforme da Secretaria Xeral (CSV:RYQYX8CLNVX6E12A), que conclúe: “(...) Dada conta da comunicación realizada pola empresa Willis Iberia Correduría de Seguros, adxudicataria do contrato de mediación de seguros da Deputación, relativa á extinción da aseguradora Bilbao Compañía Anónima de Seguros y Reaseguros, Sociedad Unipersonal (adxudicataria do contrato baseado no lote 2 do Acordo Marco da FEMP para a contratación de seguros, correspondente ó seguro de danos materiais en inmobles da Deputación de Pontevedra para a anualidade 2024) e absorción da mesma pola a aseguradora Occident GCO, S.A.U. de Seguros y Reaseguros, coa consecvente subrogación desta nos dereitos e obrigas da sociedade absorbida, de conformidade co artigo 98 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, o citado contrato baseado continuará vixente coa sociedade absorbente Occident GCO que queda subrogada en todos os dereitos e obrigas dimanantes do mesmo, debendo darse conta desta circunstancia ó órgano de contratación, neste caso á Xunta de Goberno.

A información mercantil da empresa Occident GCO é a seguinte:

- Denominación: Occident GCO, S.A.U. de Seguros y Reaseguros
- CIF: A-28119220
- Domicilio social: Paseo de la Castellana nº 4 – 28046 Madrid
- Inscripción Registro Mercantil de Madrid: Tomo 37.110, folio 177, hoja M-91.458,
- Inscripción Registro administrativo Dirección General de Seguros y Fondos de Pensiones: clave C0468.
- E-mail a efectos de notificacións: *administracionconcursos@gco.com*”

Considerando que o artigo 98 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público establece para o suposto de sucesión do contratista que nos casos de fusión de empresas nos que participe a sociedade contratista continuará o contrato vixente coa entidade absorbente o coa resultante da fusión que quedará subrogada en todos os dereitos e obrigas dimanantes do mesmo, debendo comunicarse ó órgano de contratación dita circunstancia

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Tomar coñecemento da comunicación efectuada pola empresa Willis Iberia Correduría de seguros relativa á fusión por absorción e disolución da aseguradora “Bilbao CIA anónima de Seguros y Reaseguros”, adxudicataria do contrato baseado no lote 2 (seguro danos materiais) do Acordo Marco da FEMP para a contratación de seguros para Entidades Locais, e subrogación do contrato na aseguradora absorbente “Occident GCO S.A.U de seguros”.



De conformidade co artigo 98 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, o citado contrato baseado continuará vixente coa sociedade absorbente Occident GCO que queda subrogada en todos os dereitos e obrigas dimanantes do mesmo, sendo a información mercantil da empresa a seguinte:

- Denominación: Occident GCO, S.A.U. de Seguros y Reaseguros
- CIF: A-28119220
- Domicilio social: Paseo de la Castellana nº 4 – 28046 Madrid
- Inscripción *Registro Mercantil de Madrid*: Tomo 37.110, folio 177, hoja M-91.458,
- Inscripción *Registro administrativo Dirección General de Seguros y Fondos de Pensiones*: clave C0468.
- E-mail a efectos de notificacións: administracionconcursos@gco.com

17.33395.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOC. ACCIÓN SOLIDARIA GALICIA (ASDEGAL) DO CONCELLO DE VIGO Á SUBVENCIÓN PARA “COMPARTE AS TÚAS RAÍCES – FESTIVAL CULTURAL BENÉFICO” APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 16/06/2023 (Expte.2023013866)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16/06/2023 unha subvención a favor da *Asoc. Accion Solidaria Galicia* (ASDEGAL) con CIF: G-27.727.593, do *Concello de Vigo* por un importe de 726,84€, para o proxecto “*Comparte as túas raíces – Festival cultural benéfico*”, con cargo á aplicación 24/330.3340.489.05.2023, e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 20/12/2023 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda informada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

18.33396.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA FUNDACIÓN MANOLO MOLDES DO CONCELLO DE PONTEVEDRA Á SUBVENCIÓN PARA O “PERCORRIDO POLO RÍO DA VIDA DE MANUEL MOLDES” APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 16/06/2023 (Expte. 2023013465)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de xuño de 2023 unha subvención a favor da *Fundacion Manuel Moldes* con CIF: G-94.196.847, do *Concello de Pontevedra*, por un importe de 807,60€, para o proxecto “*Percorrido polo Río da Vida de Manuel Moldes*” co CSV: 5IBEEHV8NURMFWHM e con cargo á aplicación 24/330.3340.489.05.2023, e recibido escrito, presentado no Rexistro con número WEB2023067413 de data 11/12/2023 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día motivada pola imposibilidade de realización da actividade, coa dilixencia de fiscalizado e conforme de Intervención de data 03 de xaneiro de 2024 con CSV: H9GQODL8Z1ZY2661 é polo que, a Xunta de Goberno queda informada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



19.33397.- APROBACIÓN DAS BASES QUE REGULAN O “PROGRAMA “+ MÚSICA” DE APOIO Á PROGRAMACIÓN ARTÍSTICA PROFESIONAL EN GALEGO NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA”, ANO 2024 (Expte.2024003386)

Primeiro.- A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cultura, ten entre os seus fins promover o impulso e o fomento da cultura popular galega nas súas múltiples e variadas expresións artísticas.

Segundo.- Correspóndelle á Deputación de Pontevedra a competencia para a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social no territorio provincial (art. 36.1 d) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local), cuxo exercicio se traslada a través de diversas actuacións e programas que está a acometer a institución provincial en materia cultural que, á súa vez, están a servir como ferramentas de colaboración cos Concellos para o exercicio, pola súa banda da competencia que, en materia de promoción da cultura, lles atribúe o artigo 25 da citada norma.

Terceiro.- A Deputación apoia a programación artística profesional en galego nos concellos da provincia de Pontevedra desde o ano 2010, configurándose como un instrumento útil para favorecer a programación artística, así como para fomentar a creación de públicos e facilitar o acceso á cultura galega, co fin de cumprir os obxectivos descritos.

Con este obxecto e atendendo a que, a cultura é, en esencia, liberdade creativa, a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia deben favorecer o seu exercicio polos seus actores directos, os profesionais do sector, o que determina o interese público en implementar actuacións para dinamizar a actividade cultural do territorio e incentivar o turismo cultural da provincia, con propostas culturais de transcendencia supramunicipal que consoliden a música galega e en galego.

Cuarto.- Coa constitución da nova Corporación Provincial preténdese dar un impulso a este programa, bautizado co nome de “+Música”, que reforza, ademais, a súa estratexia de difusión das actuacións autorizadas con fondos públicos.

O catálogo de grupos de referencia para a programación artística profesional en galego nos concellos da provincia de Pontevedra con cargo a este programa será o Catálogo +Música da provincia de Pontevedra, que se configura como o inventario de grupos e artistas profesionais de música que realizan as súas actuacións ou os seus concertos en lingua galega ou, no caso de ser instrumentais, que as súas pezas sexan de autoría galega.

Quinto.- Vistos os informes favorables xurídico e do asesor xurídico de Administración electrónica, adscrito á Secretaría Xeral e da Intervención de 25 de xaneiro de 2023.



Fundamentos xurídicos e técnicos:

Primeiro.- Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 118 d) e 109.1.d)
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, art. 69.
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Segundo.- No ámbito competencial, o apartado primeiro do artigo 44 da Constitución dispón que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito. Este mandato constitucional vincula a todos os poderes constituídos dentro do marco das súas respectivas competencias.

Nesta liña, a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, no seu artigo 69 determina que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante.

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no seu artigo 118 d), establece como competencias propias das deputacións provinciais a organización de actividades cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Adicionalmente, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 36.1 d) determina a competencia provincial na cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, o artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determina como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Ademais, a Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, no seu artigo 25 establece que o Goberno Galego e as Corporacións Locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras.

Terceiro.- A competencia para a aprobación destas bases corresponde á Xunta de Goberno, segundo o previsto nas bases de execución do orzamento provincial

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar as Bases reguladoras da convocatoria 2024 do Programa “+Música” de apoio á programación artística profesional en galego nos concellos da provincia de Pontevedra e que figuran co CSV: D3XEINJIWO3PAW1F.



20.33398.- ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA “ENSANCHE E MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA EP-0405 A XESTEIRA-ALMOFREI, P.Q. 1+500 (CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADA) COFINANCIADA POLO IDAE NO PROGRAMA DUS 5000 NO MARCO DO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RETO DEMOGRÁFICO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILENCIA”. (Expte.-2023042335)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 0405 Xesteira - Almoforei, que transcorre polo Concello de Cerdedo - Cotobade.

Resultando.- Que con data 13/02/2023 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Cerdedo-Cotobade, convenio de colaboración para a execución do proxecto “ensanche e mellora da seguridade viaria na EP-0405 A Xesteira-Almoforei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+530 (Concello de Cerdedo-Cotobade), cun importe de 946.599,01€ IVE incluído.

Resultando.- Que no citado convenio recóllese que lle corresponde á Deputación de Pontevedra redactar o proxecto técnico para a execución das obras, así como a súa licitación, dirección execución e recepción.

Resultando.- Que na data 09/06/2023 o Instituto para a Diversificación e Ahorro de la Energía (IDAE) notificoulle á Deputación de Pontevedra a Resolución de concesión definitiva dunha subvención por un importe máximo de 693.875,00 €, para as actuacións obxecto do convenio, ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000).

Resultando.- Que conforme á Resolución do IDAE de concesión definitiva de axuda, notificada á Deputación o 9 de xuño de 2023, e aos criterios de actuación nas vías provinciais aprobados polo Pleno da Deputación, en sesión de 25 de setembro de 2020, a distribución do financiamento pasa a ser a seguinte:

Entidades	%	IMPORTE ACHEGA
Deputación Pontevedra	18,69 %	176.906,81 €
Concello Cerdedo-Cotobade	8,01 %	75.817,20 €
IDAE	73,30 %	693.875,00 €
TOTAL INVESTIMENTO	100 %	946.599,01 €



Resultando.- Que na súa consecuencia, recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+530 (Concello de Cerdedo-Cotobade)”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse por Sergio Daniel Orosa López, adscrito á empresa Proyestegal, o proxecto de execución da obra “Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+530 (Concello de Cerdedo-Cotobade)”, cun orzamento base de licitación de 946.599,01 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) W4GVSCLEVP1T8368.

Resultando.- Que consta no expediente informe de supervisión favorable do proxecto (CSV) X4E0LJKV01422QPD, emitido polo xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Resultando.- Que o Pleno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión extraordinaria de data 19/05/2023 acordou aprobar definitivamente o proxecto “Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+530 (Concello de Cerdedo-Cotobade), cun orzamento base de licitación de 946.599,01 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) W4GVSCLEVP1T8368.

Resultando.- Que estudada a documentación do proxecto, considérase necesaria a autorización sectorial do Servizo de Patrimonio Cultural do Departamento Territorial da Consellería de Cultura e Turismo, consonte ao artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia. Consta no expediente autorización favorable da Directora Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, para a execución da obra “Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)”, que consta no expediente con CSV: QIAI40TI8CXJYFY0.

Resultando.- Que con respecto á citada autorización, reflexa no informe técnico de resolución favorable, a necesidade de realizar en obra pequenas modificacións. Consta no expediente informe complementario emitido polo xefe dos servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, con (CSV): TQKRNR1L6FYMFRZR, no que se recollen esas pequenas modificacións do proxecto que non se consideran sustanciais o tratarse de pequenas decisións a tomar pola dirección facultativa durante o replanteo e a boa execución das obras, que se deberán ter en conta polos licitadores no momento de efectuar a súa oferta.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.



Resultando.- Que a Xunta de Goberno na sesión ordinaria que tivo lugar o día 27 de outubro de 2023, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra " Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)".O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 03/11/2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 30/11/2023 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra " "Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+530 (Concello de Cerdedo-Cotobade)".

As empresas admitidas foron as seguintes:

UTE CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO-TRAUXIA, S.A.

CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.

CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.

CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.

EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.

HORDESCON, S.L.

MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

NAROM, S.L.

ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.

PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

Resultando.- A Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, para a avaliación e ponderación das propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

O Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Alonso Fernández, con data 14/12/2023, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

Licitadores	Memoria e programa de traballo	Plan de actuacións medioambientais	Puntuación sobre "A"
UTE CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO-TRAUXIA, S.A.	14,00	2,00	16,00
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	14,00	3,00	17,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	18,00	3,00	21,00



CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	22,00	3,00	25,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	14,00	3,00	17,00
HORDESCON, S.L.	12,00	2,00	14,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	18,00	3,00	21,00
NAROM, S.L.	14,00	2,00	16,00
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	14,00	2,00	16,00
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	16,00	2,00	18,00

Resultando.- A Mesa de Contratación na súa reunión de data 21/12/2023 en base ó informe do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías e Obras, D. Francisco Alonso Fernández, de data 14/12/2023, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas neste procedemento.

Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos.

Os valores ofertados foron os seguintes:

Licitadores	Sobre B				
	Oferta Económica	Control Calidade	Prazo De Garantía	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
UTE CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO-TRAUXIA, S.A.	768.466,29 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	781.530,92 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	748.126,14 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	767.605,74 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	715.122,53 €	3%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	744.918,66 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	781.922,07 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	762.755,40 €	3%	36 MESES	SI	SI
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	757.200,98 €	3%	36 MESES	SI	SI
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	754.932,27 €	3%	36 MESES	SI	SI

Resultando.- Que a continuación procedeuse a examinar as ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.



En virtude do anteriormente dito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da mesa para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.

Resultando.- Que rematado o prazo do requirimento, non consta que EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L., presentara xustificación algunha da súa oferta polo que NON debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra.

Resultando.- Que de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 11/01/2024, procedeu á valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

Licitadores	Valoración económica	Prazo de garantía	Control calidade	Certificados 9001/14001	Puntuación sobre "b"
UTE CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO-TRAUXIA, S.A.	6,69	5,00	5,00	5,00	21,69
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	0,38	5,00	5,00	5,00	15,38
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	15,23	5,00	5,00	5,00	30,23
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	7,11	5,00	5,00	5,00	22,11
HORDESCON, S.L.	16,50	5,00	5,00	5,00	31,50
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	0,19	5,00	5,00	5,00	15,19
NAROM, S.L.	9,43	5,00	5,00	5,00	24,43
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	11,63	5,00	5,00	5,00	26,63
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	12,53	5,00	5,00	5,00	27,53



Resultando.- Que a na mesma reunión, a Mesa de Contratación acordou a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto “Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)” que queda da seguinte forma:

Posición	Licitadores	Puntuación sobre "a"	Puntuación sobre "b"	Puntuación total
1	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	21,00	30,23	51,23
2	CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	25,00	22,11	47,11
3	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	18,00	27,53	45,53
4	HORDESCON, S.L.	14,00	31,50	45,50
5	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	16,00	26,63	42,63
6	NAROM, S.L.	16,00	24,43	40,43
7	UTE CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO-TRAUXIA, S.A.	16,00	21,69	37,69
8	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	21,00	15,19	36,19
9	CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	17,00	15,38	32,38

Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ao Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)” á empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U., por un importe de 905.232,63 € IVE incluído.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comproba que a empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L U. (CIF B94181807)., figura inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, acreditando a tenor do reflectido nel e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social , a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.



Resultando.- Que requirida CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.LU., para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a documentación no prazo, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 37.406,31 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 19/01/2024 con número de operación 202400013014.

Resultando.- Que consta no expediente o informe resultado da análise de conflito de interese correspondente á aplicación MINERVA, con carácter previo á adxudicación, cumprindo as esixencias en materia de análises de risco de conflito de intereses, nos termos definidos na Orde FP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: “...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluírá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...”

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa INGENIERIA Y PREVENCION DE RIESGOS SL (CIF B81470841) do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Centro)”.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na providencia de inicio de expediente, á empresa INGENIERIA Y PREVENCION DE RIESGOS, SL para a adxudicación do Contrato derivado lote 2 AM seguridade e saúde na obra " Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+530 (Concello de Cerdedo-Cotobade)", por un importe estimado de 4.537,50 €.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención con (CSV) REDAGJBYT1FAXFQ4 no que se recolle que na aplicación orzamentaria 456.4530.612.02, dentro do proxecto de gasto código nº 2017003642/58, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto emitíuse o documento RC nº 202300162417.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluir deste procedemento a oferta presentada pola EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. pois a súa oferta contén valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
2. Adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U, (CIF B94181807) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*” por un importe de 905.232,63 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	748.126,14 €
IVE (21%)	157.106,49 €
Importe Total.....	905.232,63 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

O prazo de execución será de SEIS (6) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución. Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2023042335.

3. Nomear director de obra ó enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime Ruibal de Sola.
4. Adxudicar á empresa INGENIERIA Y PREVENCION DE RIESGOS, S.L. (CIF B81470841) o Contrato derivado lote 2 AM seguridade e saúde na obra “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+530 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*” (Expte 2023048404) , por un importe de 4.537,50 € e de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	3.750 €
IVE (21%).....	787,50 €
Importe Total.....	4.537,50 €



Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación 456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2023048404.

21.33399.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

22.33400.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

23.33401.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as once horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

